



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

##### *Anuncio*

##### EDICTO

NOTIFICACION COLECTIVA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA DOS CONCELLOS DE BURELA e FOZ // exercicio de 2020.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos Padróns do Imposto sobre Bens Inmobles de natureza urbana, correspondentes ao exercicio de 2020, dos concellos de BURELA e FOZ que delegaron competencias en materia de xestión tributaria e recaudatoria de conformidade co disposto no vixente artigo 7 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante a Presidencia, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 5 de xuño de 2020.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 1138

##### *Anuncio*

##### ANUNCIO DE COBRANZA

-PRIMEIRO PRAZO DE ADEUDOS-DOMICILIACIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA: CONCELLOS DE BURELA E FOZ - exercicio de 2020.

De conformidade co establecido no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e as ordenanzas e cas indicacións dos respectivos concellos comunicase, que, no período comprendido entre o 1 ao 7 de xullo de 2020 serán cargados nas contas bancarias dos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos do Imposto sobre Bens Inmobles de natureza Urbana, dos Concellos citados, o primeiro prazo que se corresponde co 50 % do total do recibo posto ao cobro, naqueles casos que cumpren cos requisitos establecidos.

A devolución deste primeiro cargo por parte de entidade financeira e, por causa non imputable a administración, implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ao pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o período voluntario de pagamento que se determine, quedando anulado o adeudo bancario a partir dese momento e demais beneficios relacionados.

Lugo, 5 de xuño de 2020.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 1139

**SECCIÓN DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE***Anuncio*

De acordo cos principios de publicidade e transparencia, faise público que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o venres 26 de xuño de 2020 acordou dar aprobación, así como, a súa publicación, a modificación das bases de selección das persoas usuarias do programa LugoTermal, establecendo respecta da base 3, que "Polas circunstancias sanitarias e económicas derivadas da pandemia do Covid-19, amplíase a convocatoria e o prazo de execución para participar no programa LugoTermal as prazas reflectidas no anexo II na modalidade A, tratamentos con estancia, así como, na modalidade B, tratamentos sen estancia, que se levarán en diferentes quendas e establecementos termais da provincia de Lugo ata o 31.12.2020. Así mesmo, a data reflectida no anexo II como 30.06.2020 modificarase por 31.12.2020. En todo caso a prestación dos servizos termais estará supeditado á expediente de contratación (EXP0027SE18-NSO).

Lugo, a vinte e seis de xuño de dous mil vinte.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. A SECRETARIA, María Esther Álvarez Martínez

**ANEXO I SOLICITUDE  
(ACOMPÑAR CON FOTOCOPIA DO DNI)**

**1. DATOS PERSOA TITULAR SOLICITANTE**

<b>NOME</b>	<b>PRIMEIRO APELIDO</b>	<b>SEGUNDO APELIDO</b>
<b>DNI</b>	<b>DATA DE NACEMENTO</b>	<b>CONCELLO NO QUE SE ATOPA EMPADROADO</b>

**1.1 Datos de contacto a efectos de notificación**

**Domicilio (Rúa, número, escaleira..)**

<b>Código postal</b>	<b>Concello</b>	<b>Teléfono/s de contacto ou</b>
----------------------	-----------------	--------------------------------------

**1.2 Preferencias**

<b>Modalidade</b>	<b>Establecemento Termal de preferencia 1</b>	<b>establecemento termal de preferencia 2</b>
	<b>Meses de preferencia</b>	<b>ou</b>

**1.3 DECLARACIÓN RESPONSABLE DO TITULAR, DECLARO** baixo a miña responsabilidade que son certos os datos que consigno na presente solicitude, manifestando que quedo informado/a da obriga de comunicar á Deputación de Lugo calquera variación que dos mesmos puidera producirse no sucesivo, así como:

- Que **SI** me valgo por min mesmo/a para as actividades da vida diaria.
- Que **SI** estou en condicións de participar no programa LugoTermal.
- Que **NON** presento alteracións do comportamento que me impidan a convivencia nos establecementos termais.
- Que **NON** padezo enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Que **NON** teño contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais e **ACEPTO** as bases do programa LugoTermal

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte: [http://deputacionlugo.gal/rexistro\\_actividades\\_tratamento/servizo\\_termalismo](http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/servizo_termalismo)

<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS</b>	
<b>RESPONSABLE</b>	Deputación de Lugo
<b>RESPONSABLE</b>	Benestar Social e Igualdade
<b>FINALIDADE</b>	Servizo de prevención da dependencia a través do envellecemento activo. O obxecto é facilitar a asistencia, aos tratamentos que nos balnearios se prestan, ás persoas maiores de 55 anos, para que estas reciban tratamentos termais por prescrición facultativa, cuxo fin sexa a prevención, a rehabilitación dunha doenza ou a prevención e/ou curación
<b>LEXITIMACIÓN</b>	RGPD: 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Lei 8/1989, de 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das Deputacións Provinciais de Galicia
<b>DESTINATARIOS</b>	Outras administracións
<b>Dereitos</b>	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos
<b>Procedencia</b>	O propio interesado ou o seu representante legal

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ .

**Asinado (a persoa titular:**

**2.DATOS DA PERSOA ACOMPAÑANTE**

<b>NOME</b>	<b>PRIMEIRO APELIDO</b>	<b>SEGUNDO APELIDO</b>
<b>DNI</b>	<b>DATA DE NACEMENTO</b>	<b>TELEFONO DO ACOMPAÑANTE</b>

**2.1 DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA ACOMPAÑANTE** , DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos os datos que consigno na presente solicitude, manifestando que quedo informado/a da obriga de comunicar á Deputación de Lugo calquera variación que dos mesmos puidera producirse no sucesivo, así como:

- Que **SI** me valgo por min mesmo/a para as actividades da vida diaria.
- Que **SI** estou en condicións de participar no programa LugoTermal.
- Que **NON** presento alteracións do comportamento que me impidan a convivencia nos establecementos termais.
- Que **NON** padezo enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Que **NON** teño contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais e **ACEPTO** as bases do programa LugoTermal

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte: [http://deputacionlugo.gal/rexistro\\_actividades\\_tratamento/servizo\\_termalismo](http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/servizo_termalismo)

<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS</b>	
<b>RESPONSABLE</b>	Deputación de Lugo
<b>RESPONSABLE</b>	Benestar Social e Igualdade
<b>FINALIDADE</b>	Servizo de prevención da dependencia a través do envellecemento activo. O obxecto é facilitar a asistencia, aos tratamentos que nos balnearios se prestan, ás persoas maiores de 55 anos, para que estas reciban tratamentos termais por prescrición facultativa, cuxo fin sexa a prevención, a rehabilitación dunha doenza ou a prevención e/ou curación
<b>LEXITIMACIÓN</b>	RGPD: 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Lei 8/1989, de 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das Deputacións Provinciais de Galicia
<b>DESTINATARIOS</b>	Outras administracións
<b>Dereitos</b>	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos
<b>Procedencia</b>	O propio interesado ou o seu representante legal

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ .

**Asinado (a persoa acompañante9 :**

## SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## ANEXO II

Ofértanse prazas de termalismo nos seguintes destinos, quedando os mesmos subordinados ao expediente de contratación (EXP0027SE18-NSO).

ESTABLECEMENTO/ ADXUDICATARIO	PROGRAMA CON ESTANCIA 6 DÍAS 5 NOITES, 2019/2020					PROGRAMA SEN ESTANCIA, 10 DÍAS DE LUNS A VENRES 2019/2020				
	Ata o 26.11.2019	Dende o 27.11.2019 ata 30.06.2020	Achega usuaria IVE engadido	Achega Deputación	Técnicas	Ata o 26.11.2019	Dende o 27.11.2019 ata 30.06.2020	Achega usuaria IVE engadido	Técnicas	
	Núm.	Núm.	·		Núm.	Núm.	Núm.		Núm.	
Balneario y Termas De Lugo, S.L	1	50	189,50 €	60,50 €	15	49	120	200,00 €	30	
Balneario de Rio Pambre, S.L.	101	180	189,50 €	60,50 €	20	16	20	200,00 €	40	
Hotel Balneario Augas Santas, S.L	105	730	189,50 €	60,50 €	20	13	20	200,00 €	40	
<b>TOTAL</b>	<b>207</b>	<b>960</b>	<b>189,50 €</b>	<b>60,50 €</b>		<b>78</b>	<b>160</b>	<b>200,00 €</b>		

**Anexo III****Declaración renuncia á praza LugoTermal**

D./D<sup>a</sup>. Con DNI/NIF

na miña condición de beneficiario do programa LugoTermal

Renuncio a praza outorgada na entidade.....

En , a de de 20\_\_

(sinatura )

R. 1326

---

**SERVIZO DE CONTRATACIÓN. UNIDADE DE OBRAS E PLANS***Anuncio***INFORMACION PÚBLICA**

Conforme ao disposto no art. 32.4 do R.D.L. 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese a información pública por espazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación no B.O.P. deste anuncio, as modificacións aprobadas no Pleno de 26 de maio último dos Concellos de Folgoso do Courel e Chantada, do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

O PRESIDENTE, por decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón, A SECRETARIA XERAL, María Esther Alvarez Martínez.

R. 1327

---

**CONCELLOS****BÓVEDA***Anuncio*

Aprobada inicialmente a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGAS, por Acordo do Pleno de data 18/06/2020, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte da súa publicación mediante anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da Corporación, para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas .

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, o texto da modificación da Ordenanza municipal estará a disposición dos interesados no portal de transparencia do Concello [https://concellodeboveda.sedelectronica.es\\_e](https://concellodeboveda.sedelectronica.es_e) no portal web do Concello [ [www.boveda.gob.es](http://www.boveda.gob.es)].

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de modificación da mencionada Ordenanza.

Bóveda, 18 de xuño de 2020.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López.

R. 1264

---

*Anuncio*

**Expediente:** 653/2019

**Procedemento:** Disposicións Normativas Modificación do Regulamento de concesión de subvencións

**Asunto:** Corrección de erros materiais no texto do Regulamento de Concesión de Subvencións.

**ANUNCIO DE CORRECCIÓN DE ERROS**

**PRIMEIRO.-** Advertidos erros materiais no texto da acta do Pleno da Corporación do concello de Bóveda da sesión ordinaria celebrada con data 30/12/2019 no que se aproba o Regulamento de Concesión de Subvencións do concello de Bóveda, publicado no B.O.P. de Lugo n.º: 51 de data 3/03/2020, é necesario facer as seguintes correccións:

- No apartado 1) do artigo 2º, onde dí: "*Enténdese por subvención, para os efectos do presente Regulametro,*" debe dicir: "*Enténdese por subvención, para os efectos do presente Regulamento,*".
- No apartado b) do artigo 5º, onde dí: "*A Corporación poderá revoca-las ou reduci-las en calquera momento, agás cláusula en contrario.*", debe dicir: "*A Corporación poderá revocalas ou reducilas en calquera momento, agás cláusula en contrario.*"

- No apartado 2,c) do artigo 7º, onde dí: “ *publicarse na Sede electrónica do concello de Bóveda nos termos establecidos na Lei 1/2016, do 18 de xuaneiro,*” debe dicir: “ *publicarse na Sede electrónica do concello de Bóveda nos termos establecidos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro*”.
- No apartado 1) do artigo 8º, onde dí: “*A achega de fondos propios ao proxecto ou acción subvencionada terá que ser acreditada nos termos previstos no art. 34 deste Regulamento.*” debe dicir: “*A achega de fondos propios ao proxecto ou acción subvencionada terá que ser acreditada nos termos previstos no art. 33 deste Regulamento.*”
- No apartado d) do artigo 11º, onde dí: “*O órgano avaliador das solicitudes ou peticións de subvencións será a Comisión informativa de asuntos do pleno, que emitirá o informe previsto no artigo 20.4) deste Regulamento.*” debe dicir: “*O órgano avaliador das solicitudes ou peticións de subvencións será a Comisión informativa de asuntos do pleno, que emitirá o informe previsto no artigo 21.4) deste Regulamento.*”.
- No apartado 6) do artigo 14ª, onde di: “*A apreciación e o alcance da prohibición contida na letra c) do apartado 2 deste artigo determinaranse de acordo co establecido no art. 21, en relación co art. 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do Sector Público.*”, debe dicir: “*A apreciación e o alcance da prohibición contida na letra c) do apartado 2 deste artigo determinaranse de acordo co establecido no art. 71, en relación co art. 72 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do Sector Público.*”.
- No apartado 1) do artigo 23º, onde di: “*Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, e de acordo co previsto no art. 88 da Lei 39/2017, do 1 de outubro,*”, debe dicir: “*Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, e de acordo co previsto no art. 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro,*”.
- No apartado 6,j) do artigo 26º, onde di: “*Prazo de vixencia do convenio, posibilidade de prorroga, e condicións e requisitos para que ésta*”, debe dicir: “*Prazo de vixencia do convenio, posibilidade de prorroga, e condicións e requisitos para que ésta se produza.*”.
- No artigo 26º, nos subapartados “*4.-O convenio deberá conter necesariamente*”, e “*5 A inclusión na partida orzamentaria do presuposto.*” do apartado 6º, deben numerarse como 6.2 e 6.3
- No artigo 26ª, a numeración dos apartados “*6.- Inclúense neste apartado as subvencións a outorgar a*” e “*7.- En ningún caso, poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine na convocatoria.*” debe figurar a seguinte numeración: “*7.- Inclúense neste apartado as subvencións a outorgar a*” e “*8.- En ningún caso, poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine na convocatoria.*”
- No segundo parágrafo do apartado 2) do artigo 32, onde di: “*A falta de previsión das bases reguladoras, a conta deberá incluír a documentación contemplada no artigo 32º deste Regulamento,*”, debe dicir: “*A falta de previsión das bases reguladoras, a conta deberá incluír a documentación contemplada no artigo 33º deste Regulamento,*”.
- No apartado 4,b) do artigo 36, onde di: “*O incumprimento da obriga de destino referida na letra anterior, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no art. 33,*”, debe dicir: “*O incumprimento da obriga de destino referida na letra anterior, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no Capítulo II do Título IV*”.
- No artigo 37 suprimir os primeiros apartados 3),4) e 5) por estar duplicados cos da mesma numeración que figuran a seguir dos mesmos.
- No apartado 1) do artigo 39ª, onde di: “*@dicha normativa prevexa a posibilidade de realizar pagos anticipados,*”, debe dicir: “*dita normativa prevexa a posibilidade de realizar pagos anticipados,*”.
- No artigo 42º, no primeiro parágrafo, onde di:”*Procederá o reintegro das cantidades percibidas...*”, debe dicir:”*1.Procederá o reintegro das cantidades percibidas...*”
- No apartado 1.c) do artigo 42º, onde di: “*Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no art. 28 desta lei,*”, debe dicir: “*Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no art. 28 da lei 9/2007 de Subvencións de Galicia,*”.
- *No apartado 1.d)do artigo 42º, onde di:”Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do art. 15 desta lei.” debe dicir:”Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado h) do art. 15 deste Regulamento.”.*
- No apartado e) do artigo 42º, onde di:”*Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos arts. 11 e 12 desta lei*”, debe dicir:”*Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos arts. 11 e 12 da lei 9/2007, de Subvencións de Galicia*”.
- No apartado 2) do artigo 42º, onde di:”*a cantidade que se vai reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados na letra l) do apartado 1 do art. 14 desta lei.*” debe dicir:”*a cantidade que se vai reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados na letra l) do apartado 1 do art. 14 da lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.*”



- No apartado 3) do artigo 42º, onde di: "*Igualmente, no suposto previsto no apartado 3 do art. 17 desta lei.*", debe dicir: "*Igualmente, no suposto previsto no apartado 3 do art. 17 da lei 9/2007, de Subvencións de Galicia*".
  - No apartado 2) do artigo 45º, onde di: "*Estarán obrigados ao reintegro os beneficiarios e entidades colaboradoras, definidos nos artigos 12 deste Regulamento.*", debe dicir: "*Estarán obrigados ao reintegro os beneficiarios e entidades colaboradoras, definidos nos artigos 12 e 13 deste Regulamento.*".
  - No apartado 1) do artigo 47º, onde di: "*cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro establecidos no articulo 41 deste Regulamento*", debe dicir: "*cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro establecidos no articulo 42 deste Regulamento.*".
  - No apartado 4) do artigo 48, onde di: "*O transcurso do prazo dun mes previsto no artigo 51 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións sen que se iniciou o procedemento.*", debe dicir: "*O transcurso do prazo dun mes previsto no artigo 51 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións sen que se iniciara o procedemento.*".
  - No apartado 2) do artigo 49º, onde di: "*formulará discrepancia de acordo co procedemento que se determine regulamentariamente.*", debe dicir "*formulará discrepancia de acordo co procedemento que se determina nos artigos 13 e seguintes do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.*"..
  - No apartado 1) do artigo 51º, onde di: "*nos mesmos termos contidos no acordo de inicio do procedemento e sen necesidade de dar traslado á Intervención Xeral da Administración do Estado para informe de reintegro, ao que se fai referencia no seguinte artigo.*", debe dicir: "*nos mesmos termos contidos no acordo de inicio do procedemento e sen necesidade de dar traslado á Intervención do concello para informe de reintegro, ao que se fai referencia no seguinte artigo.*"
  - No apartado 2) do artigo 54º, onde di: "*o órgano xestor dará traslado da mesma á Intervención Xeral da Administración do Estado.*", debe dicir: "*o órgano xestor dará traslado da mesma á Intervención do concello de Bóveda.*".
  - No artigo 60º, onde di: "*O exercicio do control de subvencións adecuarase á modalidade para aplicar, sexa función interventora ou control financeiro, establecida polas normas para o efecto vixentes no Concello de Bóveda.*", debe dicir: "*O exercicio do control de subvencións adecuarase ó Plan anual de auditorias e ás súas modificacións, que aprobe o interventor do Concello de Bóveda.*".
  - No artigo 65º, onde di: "*Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas nesta lei.*" ., debe dicir: "*Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.*".
- No apartado a) do artigo 66º, onde di: "*Os beneficiarios de subvencións, así como os membros das persoas ou entidades previstas no apartado 2 e segundo parágrafo do apartado 3 do art. 12 deste Regulamento.*", debe dicir: "*Os beneficiarios de subvencións, así como os membros das persoas xurídicas ou entidades previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do art. 12 deste Regulamento.*".
- No apartado d) do artigo 66º, onde di: "*..facilitar canta documentación sexa requirida en cumprimento do disposto no art. 45 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e 52 deste Regulamento.*", debe dicir: "*..facilitar canta documentación sexa requirida en cumprimento do disposto no art. 45 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e 58 deste Regulamento.*".
- Na Disposición Adicional Primeira, onde di: "*As axudas consistentes na cesión de bens ou dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma ..*", debe dicir: "*As axudas consistentes na cesión de bens ou dereitos do patrimonio ddo concello de Bóveda.*".

**SEGUNDO.-** Publicar no B.O.P. de Lugo a corrección de erros do texto do Regulamento de concesión de subvencións do concello de Bóveda.

Bóveda, 19 de xuño de 2020.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Árias López.

R. 1265

## MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio

#### APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 101 do día 5 de maio de 2020 o anuncio referente á exposición ao público do expediente de modificación de crédito 19/2020 de modificación de créditos baixo a modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito por importe de 6.247.841,96 €, aprobado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 24 de abril de 2020. Transcorrido o prazo da citada exposición o Pleno en sesión celebrada o 29 de xuño de 2020 resolveu as alegacións presentadas, procedendo á súa probación definitiva.

Contra a aprobación definitiva do expediente poderá interporse directamente Recurso Contencioso-Administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Resumo da modificación:

CAPÍTULOS DE INGRESOS	Importe
VIII	6.247.841,96
CAPÍTULOS DE GASTOS	Importe
II	597.841,96
IV	1.600.000,00
VI	3.300.000,00
VII	750.000,00

Monforte de Lemos, 30 de xuño de 2020.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1360

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data do 02.06.2020, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de maio de 2020 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 286,36 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 372,07 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 5 de xuño de 2020.- O Alcalde- Presidente, José Manuel Braña Pereda.

R. 1266

## PALAS DE REI

### *Anuncio*

#### **BASES GENERALES DE LA CONVOCATORIA DE PERSONAL LABORAL TEMPORAL**

##### **PRIMERO. Normas Generales**

Vista la “Orde do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 11, do 17 de xaneiro). Liña en concorrencia competitiva(3.1.b)”.

Se concedió en natureza competitiva para realizar el proyecto denominado “Mellora Ambiental de zonas verdes en Palas de Rei e Friol”

Es necesario por tanto, la contratación 12 puestos de peón forestal, a jornada parcial 501-6h, ya que las actuaciones sujetas a esta resolución se realizarán por Administración, de acuerdo con lo establecido en la propia resolución.

Visto el Real Decreto-Ley 20/2011, de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia presupuestaria y financiera para la corrección del déficit público.

Vista la circular interpretativa del Real Decreto Ley 20/2011, emitida por la Dirección Xeral de Administración Local en fecha 30/01/2012.

Vista la Ley 2/2015 de 29 de abril, del empleo público de Galicia.

Es objeto de la presente convocatoria la selección a través del procedimiento de concurso-oposición, para su contratación como personal laboral, jornada parcial (501-eh):

-12 peones forestales, mediante la modalidad contractual de duración determinada, modelo 501-6h.

#### **SEGUNDO. Modalidad del Contrato**

La modalidad del contrato es obra o servicio determinado, a tiempo parcial, código 501, regulada por Artículo 15, del Estatuto de los Trabajadores, según redacción dada por la Ley 63/97, de 26 de diciembre (B.O.E. de 30 de diciembre) ampliado por el apartado diez del artículo primero de la Ley 12/2001, de 9 de julio (B.O.E. de 10 de julio), el R.D. 2720/98, de 18 de diciembre (B.O.E. de 8 de enero de 1999), el Artículo tercero de la Ley 12/2001, de 9 de julio (B.O.E. de 10 de julio) y la Ley 43/2006, de 29 de diciembre (B.O.E. de 30 de diciembre). En las contrataciones que se realicen, se establecerá un periodo de prueba de 15 días hábiles.

#### **TERCERO. Forma y Plazo de Presentación de Instancias**

El puesto de trabajo se ofertará mediante anuncio en el BOP de Lugo y también mediante la sede electrónica del ayuntamiento de Palas de Rei, el plazo es de 3 días naturales a contar desde el día de la publicación en el BOP de Lugo, para que presenten la solicitud con la documentación acreditativa, debido a la urgencia de esta convocatoria, por razones de factores de riesgo de incendios.

- Ser español y mayor de edad, sin perjuicio de lo dispuesto en la legalidad vigente para el acceso de nacionales de los Estados miembros, así como los extranjeros residentes en España que reúnan los requisitos exigidos en la Ley Orgánica 4/2000.

- No estar incurso en ninguna causa de inhabilitación o incompatibilidad legal para el desempeño de la función pública, ni haber sido sancionado con Despido Disciplinario.

- No padecer enfermedad o defecto físico o psíquico que impida o dificulte el desempeño de las funciones inherentes al puesto de trabajo.

